

**Nº R.E.L. = 0215000**

**ALCALDÍA DO CONCELLO DE  
<CONCELLO>**

**<ENDEREZO>  
<CP> <CONCELLO>**

**A CORUÑA**

**CIRCULAR SOBRE A CONVOCATORIA 2007 DE AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) E DO FONDO SOCIAL EUROPEO PARA O  
PERÍODO 2007-2013**

Mediante Resolucións da Secretaría de Estado de cooperación territorial, de 7 de novembro de 2007, aprobáronse as BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA 2007 DE AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), PARA COFINANCIAR PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO, E DO FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE), PARA O PERÍODO 2007-2013.

As deputacións provinciais poden solicitar axudas ao amparo desta convocatoria sempre que os proxectos que presenten afecten polo menos a 20.000 habitantes. Por iso, a Deputación provincial da Coruña está traballando na elaboración de proxectos que afecten a concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes que agrupados alcancen a devandita poboación.

Polo que se refire á convocatoria de subvencións FEDER, os proxectos que se presenten deben ter a súa orixe, necesariamente, nun previo Plan estratéxico no que se conteñan un diagnóstico da zona e os obxectivos e as liñas estratéxicas que determinen as necesidades de actuación. Para iso, esta Deputación conta co PLAN ESTRATÉXICO PROVINCIAL, elaborado recentemente coa colaboración de entidades financeiras e da Universidade, que xa foi presentado e enviado a todos os municipios da provincia da Coruña, e onde o desenvolvemento é unha das nosas prioridades.

Partindo do devandito Plan estratéxico, estanse desenvolvendo algunhas das liñas de actuación que se contiñan nel, coa intención de presentar proxectos estratéxicos nesta convocatoria de axudas FEDER. En concreto, estase traballando, en colaboración coa Universidade da Coruña, na definición dos tres proxectos estratéxicos que a continuación se indican, e que afectan a distintos municipios da provincia:

- Promoción do aforro enerxético, da eficiencia e da calidade en servizos públicos municipais.
- Plan integral de seguridade vial para peóns en estradas provinciais.
- Posta en valor da bacía fluvial do río Mandeo

O breve prazo con que se conta para a preparación de toda a documentación necesaria para concorrer a estas convocatorias de axudas, unido ao feito de que se trata dunhas convocatorias de concorrencia competitiva, na que soamente se financiarán os proxectos que cumpran os requisitos de admisibilidade que resulten seleccionados en virtude da aplicación dos criterios de selección establecidos nas Bases da convocatoria, esixe actuar coa máxima celeridade e eficacia, coa finalidade de obter o maior financiamento posible.

Aínda que os proxectos estratéxicos están aínda en fase de elaboración, xa se dispón dalgúns documentos de avance que permiten presentar aos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes o traballo que se está realizando coa finalidade de que o proceso sexa o máis transparente posible e de solicitar o apoio municipal ao mesmo, o que vai ser tido en consideración ao aplicar os criterios de selección.

Por iso, convócase a ese Concello á reunión que terá lugar o vindeiro xoves 13 de decembro de 2007 ás 12 da mañá no Pazo de Mariñán. É importante alcanzar o maior consenso e concertación posible con todas as entidades públicas e privadas afectadas e relacionadas co proxecto, polo que se roga a súa asistencia á presentación destes ilusionantes proxectos, que sen ningunha dúbida contribuirán ao desenvolvemento socioeconómico da provincia.

O PRESIDENTE

Asdo.- Salvador Fernández Moreda